

Socio de Honor grupo clinor

Priorato de Louzara, 7 de novembro de 2009

Discurso do presidente da Fundación O Noso Lar

Bós días e benvidos todos a este centenario e emblemático Priorato de Lóuzara. A sinxeleza, humildade e hospitalidade das xentes que humanizan cada un dos recunchos deste fermoso e rico Val de Lóuzara, maravilloso monumento medioambiental desta nosa terra, móvenme a agradecer de corazón, aínda máis si cabe, a vosa animosa e calurosa presenza.

O noso agradecemento a

- * D^a. Raquel Arias, Delegada da Xunta de Galicia en Lugo
- * Irmán Inmaculada García Asorey, Vicaria Provincial das Franciscanas de la Madre del Divino Pastor
- * Dn. Ramón Carballo, Xefe Territorial en Lugo da Consellería de Medio Rural
- * D^a. Manuela López Besteiro,
- * D. Antonio Calvo Varela
- * Prior da Comunidade Benedictina de Samos, Socios de Honor da Fundación O Noso Lar
- * Os medios de comunicación,

E como non, a quen hoxe é protagonista deste acto: **O Consello de Administración do Grupo CLINOR.**

Graciñas a todos, de verdade.

Ó servizo da xente da nosa terra

é o lema e a razón de ser da Fundación O Noso Lar.

Hai dezaoito anos comenzabamos a nosa andaina. Daquela, o proxecto da Fundación era para algúns unha utopía, un soño fermoso pero inalcanzable. Foron os que albiscaban no horizonte unha esperanza de importante dinamización para esta zona rural do Concello de Samos, os que co seu empeño, colaboración, esforzo e ilusión, abriron as portas ao nacemento da nosa Fundación.

Ollando atrás no tempo, resulta fermoso comprobar como o decorrer paseniño dos días, os meses e os anos, foi para nós unha pedagóxica escola que, pouquiño a pouco, insinounos

- A acoller, escoitar e sentir con agarimo esta rica realidade rural na que vivimos;
- A descubrir no traballo en equipo unha enriquecedora fonte de dinamización;
- A convencernos, cada día máis, de que éramos e somos capaces de levar a cabo un proxecto gratificante e necesario.
- A valorar con gratitude a cálida acollida, a alentadora solidariedade e a xenerosa colaboración dos veciños do Concello de Samos, de persoas doutros lugares e de Institucións públicas e privadas;
- A percibir a sólida, significativa e histórica presenza nestas terras, da Comunidade Benedictina e o seu Mosteiro, servíndonos como un sólido e alentador referente para os que, no seu momento, comenzabamos este proxecto.

Todo este conxunto de mananciais foron consolidando e fortalecendo a ilusión e a tenacidade dos que directamente estabamos implicados, facendo así posible que, en poucos anos, poideramos falar non xa dun proxecto e unha esperanza, senón dunha realidade esperanzada.

A razón de ser da Fundación *O Noso Lar* é a atención aos nosos maiores. Consideramos primordial axudalos a levanta-la súa autoestima; axudarlles a recuperala se a perderon por vivencias personais ou por cuestións sociais ou, no peor dos casos, axudarlles a adquirila se nunca a tiveron.

A soedade e a desprotección de moitos dos nosos maiores fai que a Fundación teña como obxectivo primordial o acoller con agarimo e acompañar, desde a gratuidade, a todas estas persoas. Desgraciadamente, hai moita xente que necesita e reclama desde o silencio estas axudas, de ahí que as Relixiosas Franciscanas comprometidas con este proxecto, fagan da Casa de Acollida de *O Noso Lar*, que se atopa en Lousada e pola que xa pasaron preto dun centenar de persoas, un fogar familiar e agarimoso onde elas, con total entrega e tenrura, cuidan na enfermidade e infunden alento a todas as persoas que alí se achegan.

E todo isto non pasa desapercibido para os máis novos, senón todo o contrario, porque estas vivencias despertan e provocan neles os nobles sentimentos da solidariedade, da entrega sacrificada e ilusionada, que os empurra a colaborar xenerosamente neste proxecto integral de dinamización e animación da vida das nosas aldeas e parroquias.

Porque neste medio rural, caracterizado polo envellecemento, a despoboación e a dispersión, a Fundación *O Noso Lar* intenta fomenta-la solidariedade e a convivencia interxeracional, no convencimento de que é o camiño máis axeitado para xerar esperanza e contaxiar ilusión.

Eran moitas as necesidades iniciáis para levar a cabo todo este proxecto. Desde o principio, contábamnos con algúns dos elementos fundamentais: ilusión, recursos humanos, colaboración... Pero faltábannos outros non menos importantes: os locais axeitados e o cubrir de forma material as infraestructuras necesarias.

Pronto poidemos resolver estas carencias grazas á colaboración da Diocese de Lugo, que nos cedería a casa rectoral de Lousada no ano 1992 e iste edificio onde nos atopamos (O Priorato) no 2003, ao mesmo tempo que o proxecto da Fundación era presentado e atendido nas distintas administracións. Así, a Xunta de Galicia a través de distintas consellerías e en diferentes momentos, foi aportando axuda económica que, aínda insuficiente para acometer as necesidades previstas, sí foi importante. Neste sentido, debo sinalar que a maior parte dos recursos materias que levantaron a nosa Fundación, procederon de entidades privadas, de persoas particulares e de empresas con corazón solidario. Entre as entidades merecen especial mención a Caixa de Aforros de Galicia, a través da súa Obra Social; a Fundación Barrié de la Maza, a Congregación das Religiosas da Asunción e a Congregación das Religiosas Franciscanas de la Madre del Divino Pastor.

Outra importante vertente da Fundación O Noso Lar, ademais de levar a cabo o proxecto de atención ás persoas maiores, fomentar a convivencia interxeracional e a dinamización do medio rural, é a súa actuación como **canle de solidariedade**. A través da Fundación, un nutrido grupo de voluntarios colabora en actividades dirixidas a tódalas idades, dando vida a estas terras. **Tamén a través da Fundación, moitas persoas colaboran coas súas aportacións económicas para axudar aos demais, e o mesmo ocorre co as entidades e empresas que ceden recursos para proxectos que redundan en beneficio das xentes destas parroquias de Samos.** Verdadeiramente, son moitas as axudas recibidas gratuitamente e invertidas nestes dezaioito anos de vida da Fundación, tanto en obras nos edificios mencionados, como nas diversas actividades sociais, culturais e pastorais, programadas para os maiores, para os nenos e para os mozos.

Precisamente, esta xenerosidade e gratuidade que envolve todo o quefacer da Fundación, é para nós o estímulo que nos anima a seguir traballando con ilusión e esperanza, tamén desde a gratuidade, acadando co paso do tempo unha maior responsabilidade que asumimos agradecidos.

Estamos convencidos de que toda esta árdua e apaixonada tarefa non sería o que é na actualidade se non fose pola discreta e alentadora presenza no noso camiñar, de moitos anxos. Sí, digo ben e repito, que foron anxos baixo a forma de **persoas concretas, entidade e empresas, os que desde o primeiro momento estiveron e seguen a estar ao noso carón, animando, colaborando e apoiando, toda iniciativa que redunde en beneficio das persoas dos nosos povos.**

E como é de ben nacidos o ser agradecidos, a Fundación *O Noso Lar*, aproveitando a celebración do 25 aniversario da creación do **Grupo CLINOR**, quere manifestarlle públicamente o seu recoñecemento e agradecemento pola axuda recibida.

Porque o Grupo CLINOR, sempre alerta ás necesidades da Fundación, colabora co noso proxecto desde os seus comezos. Merece especial mención a importante colaboración no desenvolvemento das obras dos edificios que están ao noso servizo, para axetalos convenientemente desde o estado ruinoso en que se atopaban. Porque ademais de facilitar man de obra para levantar a Casa de Acollida de Lousada fai case dúas décadas, nestes últimos tempos tamén o fixo para iste edificio onde nos encontramos hoxe (o Priorato). Estimo que neste capítulo, a súa aportación pode equivaler ao labor de dous obreiros durante un periodo, aproximado, de tres anos.

¿E como non recoñecer e agradecer a xenerosa e gratuita colaboración que o Grupo Clinor ofreceu aportando medios de transporte, etc, para o desenvolvemento das 19 edicións da Festa de Convivencia cos Nossos Maiores, que levamos realizadas ata o día de hoxe?. Tampouco debemos pasar por alto o patrocinio da nosa pax. Web, nin o total mantemento da furgoneta da Fundación, da que asumiu tódolos gastos desde sempre.

En fin, son innumerables os detalles que nos brindou e brinda constantemente o GRUPO CLINOR, que non por máis pequenos deixan de ter menos relevancia e que, por suposto, tamén son merecedores de agradecemento.

Toda esta xenerosa aportación e gratuita colaboración, permítenos falar dunha empresa con directivos sensibles que non só buscan a rentabilidade económica, senón que tamén fan por aportar o seu grao de area a favor dunha sociedade máis humana e cálida, dunha sociedade máis xusta e solidaria.

Creo que non se precisan máis explicacións polas que a Fundación *O Noso Lar* nomea Socio de Honor ao Grupo CLINOR: Decir que por estar cumprindo neste 2009 os 25 anos, é o noso Socio máis xoven. A nosa noraboa e felicitación por tan gozosa celebración e que cheguemos ata os 50 con este mesmo espírito de colaboración.

Moitas grazas